

**Acta núm. 20/2020.
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local
do 14 de xullo de 2020.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 14 de xullo de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2020, DO 07.07.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 4º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.
- 5º) VADO PERMANENTE.
- 6º) ROGOS E PREGUNTAS.

PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 19/2020, DO 07.07.2020.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 07.07.2020, acta núm. 19/2020.

SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M^a. DEL CARMEN BLANCO VARELA, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita en Monte Devesa nº 29 – Os Ánxeles, substituindo as tellas en mal estado da cuberta por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación.

A parcela onde se empraza a edificación (referencia catastral nº 6246141NH2464N0001GD) na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 3 do PXOM (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 101,08 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 165,65 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por José Rafael Pérez Iglesias, que di actuar en representación de MANUELA IGLESIAS CASTRO, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita no lugar de Gronzo nº 12 - Brión, limpando e pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empra a edificación (referencia catastral nº4654705NH2445S0001BU), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,83 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 16,83 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por M^a. CARMEN QUINTELA LIAS, na que comunica que vai realizar obras de conservación nunha vivenda sita na Avda. Santa Mina nº 43- Brión, limpando e pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se empra a edificación (referencia catastral nº6259911NH2466S0001MO), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,62 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 0,00 euros.

Total: 43,62 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por RAMÓN FREIRE FERREIRO, na que comunica que vai realizar obras interiores de reparación na vivenda sita en Estrar nº 2 – Os Ánxeles, consistentes na substitución do alicatado e do pavimento do baño.

A parcela onde se empra a edificación (referencia catastral nº 7140305NH2474S0001TW), na que se van a executar as obras, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 25,41 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 89,98 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Cristina Mourelle Vázquez, que di actuar en representación de PILAR VÁZQUEZ HOMBRE, na que comunica que vai modificar o material de acabado da fachada dunha vivenda sita no lugar de Aguiar nº 37 – Brión, substituíndo a madeira actual por un aplacado de pedra, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela na que se sitúa a vivenda (referencia catastral nº 6468308NH2466N0001DQ) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM (NRO-1) e sitúase dentro da aldea de Aguiar, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como BE2.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, (expte. 1116/20), asinada o 08/07/2020, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 30,25 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 94,82 euros.

TERCEIRO.- LICENZA DE OBRA MENOR.

a) Deuse conta dunha instancia asinada por Ana María Salgado López, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada de liña de baixa tensión para dar subministro eléctrico a unha vivenda en Coruxido nº 55, desde o apoio existente HV-160-11 e mediante a realización dun paso aéreo subterráneo ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública. Para a canalización do mencionado condutor realizarase unha gabiá dunha lonxitude total de 9 m., segundo proxecto asinado polo graduado en enxeñería eléctrica Rubén Fervenza Nicolás, visado con data 05/06/2020 polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo, nº visado 22000639.

A parcela á que se pretende dar subministro de enerxía eléctrica (referencia catastral nº7102619NH2470S0001OE), está clasificada como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), e nela estase a construír unha vivenda unifamiliar que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local na data 25/10/2017.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.
- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 338,94 €, que o interesado deberá presentar no Concello, con anterioridade á expedición da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 7,79 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 72,36 euros.

CUARTO.- LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por María Dolores Blanco Pouso, que di actuar en representación de JOSÉ MANUEL LOUZAO FERNÁNDEZ, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar sita en Chave de Ponte nº 47 – Brión.

A Xunta de Goberno Local do 09.05.2019 concedeu licenza de obra maior para as obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Chave de Ponte nº 47 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 03.04.2019.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta María Dolores Blanco Pouso, visado polos colexios oficiais correspondentes con data 20.05.2020, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 96,85 euros.

QUINTO . - VADO PERMANENTE.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Rubén Jesús Varela Mato, que di actuar en representación de TALLERES SAFESTOP, S.L., na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao taller de reparación de vehículos existente na Avda. dos Ánxeles nº 25 - Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.

Total: 63,00 euros.

SEXTO .- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se produciu ningunha.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 14,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González